O TWISTER DOS RESIDUOS

OBXECTIVOS:

- Concienciar sobre a importancia da correcta separación de residuos.
- Aprender a separar correctamente os residuos.
- Traballar en equipo.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

1.- Nomear unha persoa que exerza de xuíz/xuíza e que tire a ruleta por todas as persoas que xoguen.

2.- Acordar a orde de xogo.

3.- Tirar a ruleta. O xogador ou xogadora terá que colocar a súa man ou pé correspondente nun círculo da cor do contedor ao que haxa que tirar o residuo que saíse.

4.- Repetir con cada persoa que xogue ata que non se poida manter o equilibrio.

ACLARACIÓNS:

1.- A cor dos contedores pode variar en cada rexión. Revisa que as cores son as que se axustan á vosa zona e substitúe os círculos de cores que sexa necesario. Aquí considerouse:

a. **Azul: papel e cartón.** Xornal, caixa de cartón, entrada de cine e caixa de cereais.

b. **Amarelo: envases.** Botella de plástico, lata de refresco, envase de xeado, lata de conservas, brick.

c. **Marrón: restos orgánicos.** Mazá, casca de ovo, pousos de café

d. **Gris: fracción resto.** Caixa de cartón manchada de graxa (por exemplo, de pizza), cueiros, panos de papel usados, capuchón de bolígrafo.

e. **Vermello: punto limpo.** Pilas, CD, xoguetes, lámpada, aceite de lata de conservas.

O TWISTER DOS RESIDUOS

XUNTA DE GALICIA